

Luís Pérez

D icía Blanco Amor nun dos seus artigos periodísticos¹ que o que caracterizaba a un bo periodista era a súa habilidade para percibir a realidade e a súa misión había de ser unha fonte testemuñal de primeira man para explicala dende o coetáneo. Deste xeito, do corazón e da pluma de Blanco Amor iría brotando un regueiro inacabable de artigos, co selo do seu humorismo crítico, desenfadado, pero de entrañable galeguismo.

Renovador da prosa galega, proseguindo o labor de Castelao, Risco e Otero, introduce audazmente a temática urbana nos seus artigos e dá un tratamento moderno á cultura galega, incorporándoa ós grandes temas da cultura castelá e americana. Labor periodístico que ampliaría nas súas conferencias, clases universitarias, direccións de revistas, periódicos, compañías teatrais e mesmo colaboracións coa televisión². Todo isto, adobado co seu maxisterio oral da mellor información.

Blanco Amor fórmase no Ourense de Risco, Otero e Cuevillas³, que pasaron ó galeguismo en 1916 coas Irmandades da Fala. A equipaxe intelectual coa que parte a América en 1919, como recorda Risco, está formada pola súa asistencia ás tertulias e ós cursos como oínte ó Instituto e á Normal e pola lectura apaixonada das novidades culturais⁴.

Fóra dalgúns textos poéticos inéditos de xuventude⁵ e da poesía "Epitafio"⁶, o periodismo de Blanco Amor comeza coa súa chegada a América.

1. E. Blanco Amor, "El periodismo, un periodista" en "La peligrosa aventura de vivir en un pueblo: escritos de Blanco Amor 1967/1971", publicados na *Hoja del Lunes* e *La Región* de Ourense, recopilados por Belén Outeiriño e editados por La Región (Edición subvencionada pola Deputación Provincial de Ourense), Ourense 1990, p.171-2.

2. Polos anos sesenta, a televisión argentina montou un programa de homenaxe a García Lorca, dirixido por Blanco Amor, que tivo un grande éxito. Representouse *A Casa de Bernalda Alba* e actuou de protagonista principal Margarita Xirgú.

3. Vid. Vicente Risco, "Un poeta gallego de América", *Heraldo de Galicia*, 29-5-1933, p. 4.

4. Luís Pérez, "As Américas de Blanco Amor", *Diario de Galicia*, 12 de abril de 1988, p. 45.

5. *Idem*, "Unha semblanza de E. Blanco Amor dende o seu epistolario", *Boletín Galego de Literatura*, Universidade de Santiago, nº 3, maio, 1990, pp. 33-48.

6. Revista *La Raza*, xullo de 1918.

Non sendo doada a súa clasificación no galeguismo político⁷, pola súa postura de intelectual independente, quixera suliñar a súa lealdade a Galicia, axitando a política republicana e autonomista durante dous longos decenios e dotando dun novo sentido ó periodismo da emigración.

O que pretendemos aquí é simplemente indicar as fontes documentais do periodismo de Blanco Amor, sobre todo na súa etapa americana, para un mellor coñecemento da súa vida e obra, chamando a atención da urxente necesidade de publicar estes textos como parte da nosa memoria histórica.

Estableceremos etapas no seu periodismo, que se corresponden con outras tantas da súa propia historia como escritor:

-Etapa risquiana: 1919-1925

Podemos ver a Eduardo, por dictados de Risco, como un embaixador das Irmandades Galegas na emigración dos países do Mar do Prata⁸. Este seguimento ó mestre Risco fará que o seu galeguismo se vaia trocando nunha orientación práctica no medio da emigración, conservándoo fiel á tradición da súa cultura, nun medio cosmopolita como era o de Buenos Aires de entón.

Así as cousas, comena a publicar poesías nas revistas *Vida Gallega* e *Acción Gallega*, do 1919 a 1921. Destacamos o comentario "Los ciegos", de Castelao (*Acción Gallega*, 31-12-1921), por ser este autor un dos temas recorrentes do seu periodismo posterior. Pero o máis significativo desta etapa é a participación directa nas revistas *Terra* (como secretario de redacción) e *Celtiga*⁹, na que compartiu a dirección con con Eliseo Pulpeiro e Ramón Suárez Picallo. *Terra* foi a primeira revista escrita totalmente en galego na Arxentina. Imitaba á ourensá *Nós* e mantiña o idearium da Irmandade Nacionalista Galega na América do Sur. *Celtiga* destacou no panorama da emigración pola súa altura intelectual, a súa rectitude e a súa claridade de prósitos. A partir do seu nº 3, Blanco Amor comeza alí unha xeira de temas galegos (Vid. "Temas gallegos: La canción y el paisaje", nºs 3 e 4, 30-X-1924 e 16-11-1925, respectivamente).

-A República e o Estatuto: 1925-1936

Durante esta etapa, Blanco Amor está empeñado nunha dobre tarefa: influír directamente na prensa galega da emigración, ó través da dirección de *Celtiga*, *El Despertar Gallego* e *Galicia* (órganos estes dous últimos da Federación de Sociedades Galegas) e, asemade, proxectar na América hispana a cultura galega

7. Xosé M. Núñez Seixas establece intelixentemente tres etapas na evolución do galeguismo político de Blanco Amor: a risquiana (1919-24), a galeguista-republicana (1924-31) e a populista-nacionalista (1931-1939). Ver "Eduardo Blanco Amor no nacionalismo galego (1919-1936). Liderato étnico e galeguismo", en *Grial*, nº 108, 1990, pp. 448-466.

8. Vid. Xosé Núñez Seixas, *art. cit.* e Luís Pérez "Unha semblanza de E. Blanco Amor dende o seu epistolario", *cit.*

9. Vid. "Prensa", en *Los Gallegos en la Argentina*, Alberto Vilanova Rodríguez, Buenos Aires: Ed. Galicia, 1956, t. II p. 14-16.

e levala ó debate dos grandes temas da cultura universal, dende as páxinas de *La Nación*, rotativo da burguesía arxentina. No Suplemento de Cultura deste periódico, Eduardo irá dando forma e altura ós temas da nosa cultura. Por primeira vez, os nomes de Rosalía, Curros ou Castelao adquiren notoriedade no mundo iberoamericano. Os demais temas galegos tratados por Blanco Amor son numerosos: a Galicia tradicional, cos seus motivos populares (paisaxe, romarías galegas, San Andrés de Teixido), a Galicia literaria e cultural (lírica galego-portuguesa, Rexurdimento, Castelao, Asorey, Bonome), a Galicia política e social (o Estado Autonómico, escenas de pesca das costas galegas). Como corresponsal de *La Nación* en España, finais 1928-1929 e 1933-1935, envía tamén reportaxes sobre a península ibérica, co mesmo propósito de difundir no mundo hispano a cultura española: as Canarias e o Teide, o Escorial, o Greco, León, os ferrocarrís, etc., e a España política: as Constituíntes, as eleccións, os tópicos da República, entre outros. Temas de actualidade, destinados para un público lector da burguesía arxentina. Con idéntico propósito, enviaría tamén nesta etapa artigos para os periódicos máis influíntes nas ribeiras do Mar do Prata, tales como *La Prensa*, *El Mundo*, *La Razón* ou *El Día*, de Montevideo.

En troques, nos editoriais e artigos firmados de *Céltiga* insistirá nos motivos políticos e culturais galegos, instigando os seus lectores emigrantes a participar na renovación espiritual e material de Galicia. Así, escribe poesías, comentarios críticos sobre arte e literatura, defensa dos valores identificadores da nosa cultura (a paisaxe, o día do Apóstolo, etc..) e cousas semellantes.

Pero o seu entusiasmo galeguista baleirárao na dirección do periódico *Galicia* da FSG, a casa dos emigrantes¹⁰. Intelectual consciente do seu papel misional de transformar a sentimentalidade dos galegos en lealdade á República e a Galicia, os seus artigos e editoriais do periódico están cargados de paixón, nun estilo combativo e de retórica populista, moi do gusto dos emigrantes. Era preciso conectar ó emigrante coas súas orixes e implicalos na defensa dunha nova Galicia. Corrían ventos populares e Blanco Amor soñaba cunha Galicia na que os emigrantes tivesen un papel digno. Por iso, colabora abertamente coa idea de enviar desde América representantes ás eleccións galegas. Algúns títulos destes anos son: “O papel da muller na política galega”-segundo o exemplo de Concepción Arenal, E. Pardo Bazán ou Sofía Casanova, “A Reforma agraria, o Estatuto e a Autonomía”, “Política galega e política española, eleccións municipais”, etc. Eduardo Blanco Amor quería crear conciencia galega nos emigrantes e para iso estes debían coñecer os procesos políticos e sociais que estaban promovendo.

A chegada da República eleva o entusiasmo da colonia emigrante e o noso escritor alóngao cos seus artigos populistas e combativos: “¡Viva la República!”, “¡Horas decisivas!”, “La oposición centralista frente a la voluntad de vivir de los pueblos ibéricos”, “La nueva Constitución y sus enemigos”, “La Iglesia, el Estado y los trogloditas”, etc., son algúns dos artigos que manda ó periódico *Galicia*.

10. Para a relación de Blanco Amor cos emigrantes, vid. Luís Pérez “Eduardo Blanco Amor: Emigrante”, ponencia presentada nas IIª Xornadas de Inmigración Española na Arxentina, organizadas polo Museo Roca -dependente da Secretaría de Cultura da Nación- e polo Instituto de Investigacións da Inmigración Galega -creado pola FSG da Arxentina-, Buenos Aires, agosto, 1989.

Axiña, o seu inicial entusiasmo minguará e arreciará, co mesmo ton apaixonado, coa súa crítica cara a unha República que pón atrancos á plebiscitación do Estatuto galego e contra a prensa galega e española, a excepción de *El Pueblo Gallego*, tilándoa de cavernícola e de noria rutinaria, divorciada do espírito de renovación. É máis, no seu artigo “Vieiros” (*Galicia*, 2-7-1933) chega a afirmacións radicais, propias do seu enfado momentáneo: Galicia non terá máis remedio que saír pola vía do separatismo, ante a pasividade da República en recoñecer os dereitos históricos galegos. Explosións de rebeldía que nacían tamén da sinceridade dun intelectual galego que intervén no debate político como deber de mera cidadanía (Vid., por ex., os artigos “Cartas en primera persona...”, en *Galicia*, 14-1-1934 e 21-1-1934, respostando, por unha parte, ás críticas dos emigrantes por non ter intervido activamente na política galega e, por outra, ás que recibira do Partido Galeguista polos seus artigos escritos en *El Pueblo Gallego* co título de “Crítica del Partido Galleguista”, por non establecer con claridade, como fixeran os bascos e cataláns, as liñas de cooperación política con outras forzas e por ter deseñado unha campaña electoral pensando máis na aldea ca na cidade, a verdadeira forza do futuro).

Nestes primeiros meses do ano 1934, Blanco Amor recoñece ter “merodeado polas barbas do galeguismo” (Vid. “Cartas en primera persona: IV y final. Dos caminos posibles”, en *Galicia*, 11-2-1934). Por sorte para a Literatura galega, perdeuse un político, pero gañouse un escritor.

Nos primeiros anos trinta, publica tamén en *Heraldo de Galicia* e a Revista *Nós*.

-A guerra civil dende a fronte da emigración: 1936-1939

O discurso político de Blanco Amor crece coa guerra civil, defendendo a legalidade republicana e a Autonomía galega dende Galicia. Os editoriais, dirixidos a explicar os novos acontecementos políticos e a formar a opinión dos emigrantes, traducen o sentir popular de indignación polo levantamento militar en España. Son significativos os titulares: “La derrota de Dios”, sobre a situación política de España (*Galicia* 23-2-1936), “¡Asesinos de España!”, alegato contra a España inquisitorial e absolutista (*Galicia* 26-7-1936), “Neutralidad hipócrita”, denuncia desa Europa supostamente culta e civilizada (*Galicia* 9-8-1936), “La horda facciosa asesina a nuestro hermano”: asasinatos de Quintanilla e Bóveda (23-8-1936), “La inmensa hipocresía”, desenmascarando os intereses dos militares e da Igrexa (*Galicia* 13-9-1936). E seguirá sen desmaio no labor de guiar o movemento republicano e autonómico dos emigrantes galegos: “El Estatuto y los gallegos de Buenos Aires” (*Galicia* 7-7-1936), “El heroísmo de los traidores: una venganza canalla” (*Galicia*, 1-11-1936), “Diálogos de actualidad: hablan dos españoles” (trata de explicar o drama das dúas Españas e as claves políticas e económicas da guerra, en *Galicia*, 6-9-1936), “La tremenda paradoja” (esta guerra é unha loita contra o fascismo, en *Galicia* 11-10-1936), “Nuestra profunda confianza en la Argentina” (*Galicia* 29-11-1936), “La mentira nazi-fascista” (*Galicia* 17-1-1937), “Los intelectuales señoritos” (ataque a Gregorio Marañón por criticar á República neses momentos da guerra civil, en *Galicia* 28-2-1937), etc.

No derradeiro ano da guerra, os seus artigos parecen estar dirixidos máis a reflexionar sobre os acontecementos políticos e a preparar o recibimento dos exiliados: “¿A dónde van las democracias?” (*Galicia* 11-1-1939 e 25-1-1939), “Nuestros refugiados gallegos” (recibe cartas angustiosas, como a de Augusto M^{re} Casas dende o campo nº 2 de refuxiados nos pirineos orientais franceses, en *Galicia* 12-8-1939), “Alonso Ríos en la Federación” (*Galicia* 26-8-1939), etc.

No período da guerra civil, Blanco Amor estaba envolto na voráxine da súa actividade política (recordemos que foi Vicecónsul e Cónsul da República) e xornalística. Polo mesmo, a penas publica na prensa arxentina. Atopamos catro artigos, publicados en *La Nación* no ano 1936 (“Escultura española”, “Fundamento galaico de R. del Valle-Inclán”, “Excursión a Rosalía”, “Poema del agua en el Generalife”, 12-5-1936, 8-5-1936, 19-4-1936, 7-6-1936, respectivamente), pero son anteriores ó 18 de xullo. No ano 1937, escribe para o mesmo periódico o conto de cidade “El drama de Pernelas.- Relato policial” (21-3-1937), pero máis ca nada por compromiso con aquel rotativo, que lle abriera as portas ó periodismo arxentino.

-A postguerra: 1940-1945

Correspóndelle a Blanco Amor a dura tarefa de alentar o movemento republicano e galeguista dos emigrantes, despois do derrumbamento de tanto esforzo na guerra, e manter con valentía a causa da España leal na posguerra. Este traballo realízao desde o periódico *Galicia* da FSG (“Deber y responsabilidad de América”, 4-5-1940; “Donde quede un resto de libertad”, 1-6-1940; “En la muerte de Azaña”, 9-11-1940; “Cebando al fascismo en España”, 14-12-1940; “Pensar en Galicia”, 15-5-1943; etc.) Escribe tamén na revista nacionalista radical *A Fouce* (“Os galegos no movemento de unidade”, novembro do 1942), e na revista *Alborada* (“Un home de Corcubión que eu coñecín”, outubro-Decembro 1942, sobre Pepe Miñones¹¹).

Observamos que volve ó periodismo cultural (“Sobre las migraciones del Apóstol”, *España Republicana*, 27-7-1940; “Sobre los poemas de García Lorca”, *España Republicana* -reseña a unha conferencia que dera o propio Blanco Amor no Círculo Universitario de Buenos Aires, 8-11-1941) e retoma a colaboración habitual con *La Nación*, na súa ansia de levar a cultura galega ós medios periodísticos arxentinos: “Mi pueblo y Eça de Queiroz”, “Mi invención de Compostela”, etc. Por outra parte, segue a publicar, no mesmo xornal, máis contos de cidade: “El Sr. Martínez no está” (8-6-1941); “Veinte minutos” (maio do 1943); “El esquizoide: cuento científico”, (novembro do 1943); “Los grandes propietarios”, (xullo do 1944); “La Edad de mi prima Adelaida” (xullo do 1945).

A inquietude intelectual de Blanco Amor está encamiñada tamén a dirixir a empresa do Teatro Español de Cámara “El Tinglado”¹², que representaría o teatro

11. Vid. Luís Lamela García, *Pepe Miñones: un crimen en la leyenda* (1900-1936), Sada-A Coruña: Ed. do Castro, serie documentos, 1991.

12. Vid. Luís Pérez, “O teatro de E. Blanco Amor en busca de actores”, prólogo a E. Blanco Amor, *Proceso en Jacobusland-Fantasia xudicial en Ningures*, Santiago de Compostela: Ed. Sotelo Blanco, Biblioteca do Arlequín, 1990, pp. 11-18.

clásico menor castelán (“Los habladores”, “El juez de los divorcios”, “El Vizcaíno fingido”, “Entremeses de refranes”, “La guarda cuidadosa”, de Cervantes; “Las aceitunas”, de Lope de Rueda; “El enamorado”, de Luis Quiñones de Benavente; “Ella y el”, de Alvaro de las Casas; “La plazuela de Sta. Cruz”, “La mojanganga de la muerte”, de P. Calderón de la Barca; “Los majos vencidos”, de D. Ramón de la Cruz). As reseñas periódicas laudatorias da representación destas obras aparecen nos medios arxentinos de prensa.

-A Conquista americana: 1945-1955

Despois da segunda guerra mundial, os emigrantes que apoiaran a España republicana e democrática estaban esperanzados na caída do réxime do Xeneral Franco. Eduardo, desde *Galicia*, dirixe esta corrente: “Franco y el cobrador” (silencio da diplomacia internacional ante os discursos franquistas, en *Galicia*, 5-1-1946); “La República y el comunismo” (no que segue a criticar ás democracias occidentais pola súa inoperancia, en *Galicia*, 12-1-1946); “Castelao en el gobierno” (sobre o nomeamento de Castelao no goberno republicano do exilio, en *Galicia*, 30-3-1946); “Días decisivos”, “Enjuiciamiento a Franco”, “Por nuestros muertos”, “El nuevo nazi-fascismo”, etc., son outros títulos deste momento.

Un acto de afirmación democrática e republicana resultou a cea homenaxe que os emigrantes e exiliados ofreceron a Blanco Amor polos vinte e cinco anos de servizo á República, no ano 1946: Alberti, Paco Aguilar, Alejandro Casona, o Xeneral Rojo e Castelao mesturábanse cos emigrantes galegos en irmandade¹³. Neste momento, escribe as poesías épicas “Canto a Galicia encadeada” (*Galicia*, 20-7-1946), comenzadas no 1937.

Pero os postulados da guerra fría ían por outros vieiros e Blanco Amor insiste unha vez máis na hipocresía das nacións vencedoras cara ó problema español, tratando de crear o mito do comunismo como primeiro inimigo a vencer: “Hipocresía inglesa”, “La pesadilla británica”, “También Latinoamérica” (*Galicia*, 3-8-1946, 17-8-1946 e 24-8-1946, respectivamente).

Consciente da nova situación e coincidindo co crecente prestixio que a súa figura significaba na América hispana, realiza unha serie de viaxes culturais por países como Uruguai, Chile, Venezuela, Perú, Ecuador ou Colombia, como profesor extraordinario nas Universidades de verán e conferenciante. As noticias do seu periplo cultural reséñanse en *Galicia*, *La Nación*, *El Nacional*, *El Universal*, de Caracas, etc. A parte fundamental destas viaxes realízase en Chile, escribindo para a revista *La Hora* as súas impresións sobre o país, que logo formarían o seu libro *Chile a la vista*. As súas conferencias e andanzas chilenas son reproducidas en *El Mercurio*, revista *Zig-zag*, *Ercilla* e *La Patria*. Estes mesmos periódicos reproducen entrevistas realizadas ó autor de *Chile a la vista* por firmas como a de Alone-Hernán Díaz Arrieta ou a de Ricardo Latcham. O ministro de Educación codecórao coa Orde ó Mérito Bernardo O’ Higgins no alto grao de Comendador.

En xullo do 1953, viaxa a Caracas. *El Nacional* publica crónicas viaxeiras do noso escritor (“Venezuela entrevista...”, “Mi pasmo de Caracas o el cuadro inesperado”), reseña conferencias súas sobre Lorca na Casa de España, sobre Castelao no Centro Galego, etc. De volta, detense en Cartagena de Indias (“Impromptu y lección sobre Cartagena de Indias”, *Elite*, 30-5-1953), en Bogotá e en Lima. *La Nación* de Buenos Aires fai así mesmo un seguimento do escritor, reseñando a súa actividade.

Teríamos que destacar, nos anos que van do 1945-1948, os seus Cursos de Verán como profesor extraordinario na Facultade de Humanidades e Ciencias da Universidade de Montevideo. Os temas da literatura clásica, Lorca, etc., coméntanse en *El Día* da capital.

Do 1950-1954 dá Cursos como profesor extraordinario na Escola Internacional de Temporada da Universidade de Chile e Oratoria na Escola Naval Militar. En *La Hora*, *El Mercurio*, etc., atopamos frecuentes eloxios ó seu labor universitario.

En 1955 é tamén Profesor concursante da Escola de Belas Artes da Universidade Nacional de La Plata, praza á que renunciou no ano 1960.

Lar, a revista do Hospital galego, publica “Galiza, raza e paisaxe” (xullo do 1951); así mesmo, *A Nosa Terra* (nº 474, 1950), tirou dos seus prelos o discurso de Blanco Amor no Día de Galicia (especial adicado a Castelao); pola súa parte, *Galicia Emigrante*, publica “Cultura y conducta” (novembro 1954), “A medrosa Blandina” (abril-maio do 1955) e “A tía Lambida” (agosto-setembro 1955), que son radio-eskenificacións dunha ocorrencia popular; e a revista *Vea y Lea*, saca á luz “Así es Galicia: Rectificaciones a una imagen deformada” (2 de setembro do 1954), artigo polo que gaña o primeiro premio Ramón Cabanillas do Instituto Arxentino de Cultura Galega.

-A preparación para o regreso: 1957-1963

Blanco Amor reitera en diversas ocasións a súa vontade de regresar definitivamente a Galicia. As súas Américas estaban xa descubertas para el e quería voltar. Como tarxeta de identidade traía o seu xeneroso e valioso traballo realizado na emigración a prol da cultura do noso país e, sen agobios económicos, pensaba que o outono do seu patriarcado podía dar aínda obras definitivas para a Literatura Galega.

Mentres prepara o regreso, responsabilízase da revista *Galicia*, do Centro Galego, dirixese ós emigrantes, dende os seus editoriais e artigos, e comenta publicacións na sección fixa que levaba por título “Libros galegos”: *A Soldadeira*, de L. Seoane, *Mito e realidade da Terra nai*, de Rof Carballo, *Itinerario galego*, de V. Molinari, *Galicia como tarefa*, de Paz Andrade, *Sombra do aire na herba*, de L. Pimentel, *El tren y las cosas*, de A. Tovar, etc., son algúns dos libros sobre dos que deitou a súa mirada. Publica tamén artigos en *Galicia Emigrante* (“Compostela viva”, xuño-xullo do 1957; “Seoane o la responsabilidad”, agosto-setembro do 1957) e en *Lar* (“Cultura gallega: el modo y la moda”, xullo do 1957).

No verán do 1958, viaxa a Galicia con vistas a preparar o regreso. *El Pueblo Gallego* dá noticia da súa estadía. Blanco Amor envía para *La Nación* artigos sobre as cidades españolas (por ex., “Elogio e imagen de Barcelona”, “Galicia en su ser”, 9-11-1958 e 19-4-1959, respectivamente).

Regresa a Buenos Aires (“El regreso trastocado”, *Galicia*, maio-xuño 1959) e dicta Cursos de Literatura para a Asociación de Fillos de Galegos, autotraduce ó castelán *A Esmorga (La Parranda*, Buenos Aires: Fabril Editora, 1960), e algúns dos seus artigos están xa proxectados sobre a Galicia da súa infancia. Así “Rapsodia orensana” e “La salve en el monasterio de Poio” (*Galicia*, maio-xuño e novembro-décembro, 1961, respectivamente).

-A volta definitiva: 1963-1970

En Xaneiro do 1963 retorna definitivamente a Galicia. Atrás quedaban máis de corenta anos dunha singular odisea. Atraído quizabes por promesas económicas que nunca se verían cumpridas, coa ilusión de promocionar a súa obra no mundo editorial español e como corresponsal de *La Prensa* de Buenos Aires, este emigrante autodidacta chega á súa terra.

Segue de director da revista *Galicia* do Centro Galego (dirección que deixará en 1965) e envía algúns artigos a Buenos Aires: “Invierno gallego”, “Vicente Risco, su fallecimiento”, “Veiga Roel en Betanzos”, “Nuestros artistas: L. Seoane en España”, “Feijóo, tema con variaciones” (*Galicia*, marzo-abril e maio-xuño do 1963, xaneiro-febreiro, maio-xuño e xullo-agosto do 1964, respectivamente).

E este escritor consagrado ten que abrirse camiño con moitos atrancos en España. A sistemática deformación da cultura dos nosos exiliados polo franquismo dificultaba a receptividade da obra de Blanco Amor, mentres que os escritores e lectores máis novos de Galicia vían en Eduardo a un mestre.

Canso e desilusionado, tiña que seguir escribindo para os diarios, que mal lle daban para o seu sustento. Habitualmente facíao en *La Hoja del Lunes* e *La Región*¹⁴. Alí escribiu sobre os intelectuais locais ou sobre as últimas novidades da cidade. Salientamos os artigos referentes a Auria e a súa cultura, ó galego, Rey Soto, o Circo dos Muchachos, á Xuventude, Cunqueiro, Castclao, etc. Escribe tamén para *La Voz de Galicia*, (“Sobre Galicia: Desfiguración, integración”, 18-8-1968), *El Correo Gallego* (“Testimonios: matices a León Felipe”, 30-10-1968), *La Vanguardia Española* (“Testimonios: España y sus emigrantes”, “La Patria y las anécdotas” (26-6-1969 e 8-12-1969, respectivamente), etc.

-A soidade

Nos anos setenta, alentado pola xuventude que o agarimaba e representaba con entusiasmo o seu teatro¹⁵, publica *Xente ao lonxe* e *Teatro para a xente*. A súa

14. Vid. E. Blanco Amor, *La peligrosa aventura de vivir en un pueblo: escritos de Blanco Amor 1967-71*, cit.

15. Vid. Luís Pérez, “Prólogo” a *Proceso en Jacobusland*, cit.

figura era aínda unha referencia cultural imprescindible e, como escritor bilingüe, busca o éxito na reedición e tradución para o castelán das súas obras, en editoriais de ámbito estatal. Así, publica a súa gran novela *La Catedral y el niño* (reedición), *Aquella gente* (traducción de *Xente ao lonxe*) e *La Parranda* (traducción de *A esmorga* levada ó cine por Gonzalo Suárez)

Pero era un espellismo. Paulatinamente iría caendo nun desánimo que o acompañaría ata a súa morte no 1979. Os temas periodísticos destes anos son reelaboracións das súas teimas periodísticas: Castelao, Auria, o compromiso do escritor, etc., ou incursións nos temas da actualidade. Extrañado, seguía a preguntarse: “¿Quiénes son los escritores gallegos?”, *La Voz de Galicia*, 1-6-1978.

Despois deste breve repaso polos artigos periodísticos de Blanco Amor, escritos para a xente da rúa, ocórrenos unha pregunta: ¿Por que as Institucións culturais e políticas galegas seguen a ignoralo cando deciden o escritor que debe ser homenaxeado no Día das Letras Galegas?. E tamén imos arriscar unha resposta: Eduardo segue a ser un escritor incómodo para os poderes fácticos, pois foi un personaxe lúcido, cunha obra e unha memoria histórica que estorba. Un personaxe independente, non sometido a ningún grupo, e unha memoria resistente, a da España da República e dos exiliados. Por ámbalas dúas cousas, como di acertadamente Xavier Alfaya¹⁶, está condenado a seguir no faiado, cos trastes inútiles.

Luís Pérez
Ingabard. A Coruña

16. Xavier Alfaya “Unha lembranza persoal”, en *A Nosa Terra*, nº 3, Extra, pp. 55-57.